

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019414	IES A Basella	Vilanova de Arousa	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	11
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	12
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	12
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	13
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	14
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	14
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	15
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	16

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

ESO

Segundo o artigo 7 da orde 156/2022, no IES A Basella a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BACHARELATO

Segundo o artigo 7 da orde 157/2022, no IES A Basella o Bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade,

enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

No apartado b) das programacións didácticas, en cada materia, establecerase como se vai contribuír á adquisición das competencias clave en relación ao perfil de saída de cada etapa.

Na ESO, a vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

- Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.

- Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorando as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgando criticamente as necesidades e os excesos e exercendo un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.

- Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado

propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.

- Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.
- Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.
- Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.
- Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.
- Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.
- Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

Por iso, no apartado b) das programacións, en cada materia establécese como se vai contribuír á adquisición das competencias clave.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitalo para o acceso á educación superior.

Do mesmo xeito, no deseño das ensinanzas mínimas das materias de bacharelato, mantense e adáptase ás especificidades da etapa a necesaria vinculación entre as devanditas competencias clave e os principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado se vai ver confrontado. Esta vinculación seguirá a dar sentido ás aprendizaxes e achegará o punto de partida para favorecer situacións de aprendizaxe relevantes e significativas, tanto para o alumnado como para o persoal docente.

Con carácter xeral, débese entender que a consecución das competencias e dos obxectivos do bacharelato está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das devanditas competencias clave. Por este motivo, os descritores operativos de cada unha das competencias clave constitúen o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos das diferentes materias. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave esperadas en bacharelato e, xa que logo, a consecución das competencias e dos obxectivos previstos para a etapa.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e

estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Para o establecemento dos principios metodolóxicos xerais que servirán de guía á acción do profesorado deste centro será preciso ter en conta que calquera situación de ensino-aprendizaxe está sometida a unha serie de aspectos entre os que podemos destacar:

- A idade e a etapa de desenvolvemento na que se atopa o noso alumnado
- A adolescencia, época de importantes cambios, tanto físicos como psicolóxicos.
- A heteroxeneidade dos diferentes grupos.
- A súa diversidade respecto aos intereses, motivacións, necesidades e características persoais.
- Os coñecementos previos dos que partimos.
- O grao de motivación e interese polo estudo.
- A experiencia e personalidade do profesorado.
- Os recursos, tanto materiais como humanos, dos que dispoñemos.

Tendo en conta o sinalado, acéptase unha liña metodolóxica ampla, variada e que admite unha amplitude e complementariedade de diversos métodos. Principios xerais:

- Procura dun enfoque metodolóxico integrador, que favoreza a utilización duns métodos ou outros en función das necesidades dos diferentes momentos da etapa, das distintas tarefas e situacións, da diversidade do alumnado e dos diferentes tipos de agrupamentos.
- Impulsarase o uso de métodos que favorezan a interactividade, tanto entre o profesorado e o alumnado, como dos alumnos e alumnas entre si. Así, unha das metodoloxías básicas serán os grupos de traballo cooperativo.
- Partirase do principio de individualización do ensino, tentando sempre responder de xeito individual ás necesidades educativas que presente cada alumno e alumna, e a atención á diversidade será a máxima que debe rexer toda a actividade educativa do centro.
- Prestarase especial atención ao desenvolvemento do alumnado que presente necesidades educativas específicas que sexa escolarizado no Centro, favorecendo a posta en marcha das medidas de atención oportunas e da formación continua do profesorado neste ámbito.
- Basearase na construtividade, o que implica que tentaremos que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo, partindo do seu nivel de coñecementos e de desenvolvemento e favorecendo unha intensa actividade mental.
- Favorecerase a funcionalidade das aprendizaxes, tanto no relativo á súa aplicación na vida e realidade achegada ao alumnado, como no uso de estruturas que sirvan para a adquisición de novas aprendizaxes.
- O profesorado será un mediador entre a estrutura lóxica da materia e a estrutura psicolóxica do alumnado. Será igualmente un guía na construción de aprendizaxes significativas que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.
- Fomentarase no alumnado unha actitude de curiosidade, crítica e investigadora que se converterá na base da súa formación e da adquisición de novas aprendizaxes. A realidade máis próxima do alumnado será o punto de partida da actividade educativa, co fin de acadar a inserción dos alumnos e das alumnas no contorno social no que viven, e co obxecto de favorecer a súa transición á vida activa e a súa inserción tanto educativa como laboral futuras.

Ademais, o centro guiarase polos principios pedagóxicos establecidos nos artigos 17 do decreto 156 e 18 do decreto 157, que son os seguintes:

- ESO
 - 1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.
 - 2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.
- Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a

autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II do decreto 156 do 15 de setembro de 2022 para cada unha das materias ou dos ámbitos.

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

- BACHARELATO

1. No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas.

Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II do decreto 157 do 15 de setembro para cada unha das materias.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

ESO.

O noso centro forma parte do Proxecto Edixgal dende o curso 18/19, polo que os materiais e recursos son fundamentalmente os que proporciona a plataforma Eva-Edixgal enriquecidos polos materiais elaborados polo profesorado.

Bacharelato.

Na etapa posobrigatoria, os Departamentos didácticos deciden se fixan libro de texto ou traballan con material propio.

No caso de usar o libro de texto, este é decidido por unanimidade do Departamento baixo criterios pedagóxicos e o seleccionado queda vixente durante seis anos.

Por outra banda, se se traballa con material propio, este está dispoñible tanto na conserxería como na aula virtual do centro.

Todas as aulas teñen acceso a internet, constan de pizarra dixital, pantalla táctil e ordenador do profesorado. Ademais, ao estar no programa EDIXGAL, todo o alumnado da ESO ten un ordenador portátil de uso exclusivo e que pode levar para casa.

En Bacharelato, dentro do Plan Dixital de centro aprobado o curso 21/22, como obxectivo tiñamos reducir a fenda dixital nesta etapa, e logo de recabar a información necesaria, estamos en posición de dicir que todo o alumnado dispón dun ordenador na casa que lles permita seguir con total normalidade o desenvolvemento do curso.

Ademais, o centro dispón de recursos como os pertencentes á biblioteca e á videoteca, o material de polos creativos e os recursos e materiais específicos dos que dispoñen as aulas de música e artes plásticas, o taller de tecnoloxía, laboratorio de física e química e os distintos departamentos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Tendo en conta que os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas normas que a desenvolven no IES A Basella usarase esa autonomía para organizar a oferta educativa das materias de maneira flexible seguindo un criterio pedagóxico.

As decisións adoptadas na CCP e validadas no claustro a este respecto son as seguintes:

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 1º da ESO. Neste curso hai, ademais, dúas horas de Libre disposición que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora para reforzo de Matemáticas e 1 hora para reforzo de Lingua Galega e Literatura. Esa hora será impartida polo/a profesor/a titular de cada materia nos diferentes grupos.

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 2º da ESO. Neste curso hai, ademais, dúas horas de Libre disposición que serán distribuídas do seguinte xeito: 1 hora a reforzo de Matemáticas e 1 hora a reforzo de Lingua Castelá e Literatura. Esa hora será impartida polo/a profesor/a titular de cada materia nos diferentes grupos.

No artigo 9 do DECRETO 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 3º da ESO.

No 4º curso da ESO deben ofertarse as materias estipuladas no artigo 10 do DECRETO 156/2022 organizadas en materias comúns, materias de opción e materias optativas.

Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, as materias optativas agruparanse de forma que se poida orientar ao alumnado tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

MATERIAS COMÚNS

Educación física
Lingua Castelá e Literatura
Lingua Extranxeira: Inglés
Lingua Galega e Literatura
Xeografía e Historia

Elixir una en cada liña

Matemáticas A Matemáticas B

Relixión Proxecto competencial

MATERIAS DE OPCIÓN (deben cursarse 3 materias)

Elixir un itinerario

- a) Física e Química e Bioloxía
 - b) Economía e emprendemento e Latín I
 - c) Economía e emprendemento e Formación e Orientación Persoal e Profesional
- Enumerar por orden de preferencia:

¿¿..Tecnoloxía

¿¿..Expresión Artística

¿¿. Música

¿¿. Dixitalización.

¿¿.. Segunda Lingua Extranxeira

MATERIAS OPTATIVAS (debe cursarse unha materia)

Enumerar por orden de preferencia

¿¿.¿Filosofía

¿¿¿.Cultura Clásica (só se non se cursou en 3º da ESO)

¿¿¿.Oratoria (só se non se cursou en 3º da ESO)

¿¿¿.Materia de opción no cursada _____

A distribución das materias en tres bloques ten un carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios, establecendo combinacións cuxas materias asenten os coñecementos precisos de caras ás modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, como para a incorporación á vida laboral.

No IES A Basella hai dúas modalidades de Bacharelato:

a) Ciencias e Tecnoloxía.

a) Humanidades e Ciencias Sociais

No artigo 10 do DECRETO 157/2022 recóllense as materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción, e materias optativas de 1º Bacharelato.

No artigo 11 do DECRETO 157/2022 recóllense as materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción, e materias optativas de 1º Bacharelato.

A organización das materias obrigatorias de opción estará distribuída de xeito que enlazan coas opcións de segundo de Bacharelato para que o alumnado acade os obxectivos establecidos para a etapa e adquira as competencias clave correspondentes que lle permitan ter unha formación sólida para acceder aos estudos superiores.

1º de BACHARELATO:

MATERIAS COMÚNS

Lingua Castelá e Literatura I (3 horas)

Lingua Galega e Literatura I (3 horas)

1ª Lingua Estranxeira: Inglés I (3 horas)

Filosofía (3 horas)

Educación Física (3 horas)

Elixir entre:

Relixión (1 hora) ou Libre disposición do centro (1 hora)

MATERIAS DE MODALIDADE

(Elixir modalidade e opcións)

CIENCIAS E TECNOLOXÍA :Matemáticas I

Opción A: Física e Química e Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais

Opción B: Física e Química e Debuxo técnico I

Opción C: Física e Química eTecnoloxía e Enxeñería I

HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

Humanidades: Latín I

Ciencias Sociais: Matemáticas Aplicadas ás CCSS.

Elixir unha entre: Grego I / Matemáticas Apli I / Economía

Elixir unha entre: Literatura Universal / Historia do Mundo Contemporáneo / Latín I

MATERIAS OPTATIVAS (Enumerar por orde de preferencia)

Anatomía aplicada

Cultura científica

Antropoloxía

2ª Lingua Extranxeira I (Francés)

Literatura Galega do s. XX e a Actualidade

Tecnoloxías da Información e Comunicación I

Materia de modalidade non cursada

Debuxo Artístico I

Linguaxe e práctica musical

Artes escénicas I

Economía

2º de BACHARELATO:

MATERIAS COMÚNS:

Lingua Castelá e Literatura II

2ª Lingua Extranxeira: Inglés

Lingua Galega e Literatura II

Historia de España

Historia da Filosofía

Elixir unha: Relixión ou Libre disposición

MATERIAS DE MODALIDADE

Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía

Elixir unha: Matemáticas II ou Matemáticas aplicadas a las CCSS II

Elixir una materia en cada columna

Bioloxía Química

Debuxo Técnico II

Xeoloxía e Ciencias Ambientais

Física Tecnoloxía e Enxeñería

Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

Ciencias Sociais: Matemáticas aplicadas a las CCSS II

Humanidades: Latín II

Elixir una materia de cada columna:

Economía e deseño de modelos de negocio Xeografía

Historia da Arte

Griego II Latín II

Matemáticas Aplicadas a las CCSS II

MATERIAS OPTATIVAS (debe cursarse unha materia)

Enumerar por orden de preferencia:

Métodos estadísticos y numéricos
Psicoloxía
2ª Lingua Estranxeira II. Francés.
TIC II
Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia
Literatura Dramática
Historia da Música e da Danza
Economía e deseño de modelos de negocio
Debuxo Artístico II
Xeografía
Historia da Arte
Outra troncal non cursada _____

Ademais das materias optativas especificadas polo decreto para as modalidades impartidas no centro en 1º de Bacharelato ofertaranse como troncais non cursadas:
Debuxo Artístico I
Linguaxe e práctica musical
Artes escénicas I
Economía

Ademais das materias optativas especificadas polo decreto para as modalidades impartidas no centro, 2º de Bacharelato ofertaranse como troncais non cursadas:
Literatura dramática
Historia da Música e da Danza
Economía e deseño de modelos de negocio
Xeografía
Historia da Arte
Debuxo Artístico II

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Todas as actividades extraescolares e complementarias deberán respectar os principios legislativos de voluntariedade para o alumnado, ausencia de lucro e non discriminación.

Deberán incidir nos obxectivos educativos relativos a ó último dos principios referidos no parágrafo anterior :a non discriminación por xénero, situación económica ou procedencia, ademais de posuír un carácter claramente inclusivo.

Deberán ademais, tratar sobre algún/ algúns dos contidos transversais propostos na lei: educación e conciencia cidadá , respecto polas diferencias culturais , perspectiva de xénero e sustentabilidade medioambiental.

Fomentaranse a interdisciplinaridade sempre que sexa posible. Intentaranse, deste xeito, implementar un dos obxectivos primordiais da LOMLOE: o traballo por proxectos e a relación entre diversas materias.

Toda actividade extraescolar deberá levar asociado un feedback de avaliación, concretado nunha valoración da actividade en termos de interese, valor educativo e de conciencia social e cidadá. Fomentaranse a crítica respectuosa e produtiva da actividade, coa fin de mellorar o espírito crítico do alumnado.

Por último, procurarase a participación na xestión das actividades por parte do alumnado, tanto no que se refire á súa opinión previa sobre a idoneidade das mesmas como á súa participación na organización das actividades, sempre que isto sexa posible.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

De acordo coa ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

No IES A Basella adoptamos o modelo proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra porque reflicte con claridade os apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Cada ano académico, na reunión de Departamento de inicio de curso en cada un dos seminarios os membros decidirán que docente se ocupará de cada nivel (o que imparte a materia no curso pendente ou o que imparte docencia no curso actual) e entregarán unha copia da acta á Xefatura de Estudos.

O plan de pendentes elaborado polo profesorado deberá seguir directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

O plan debe ser deseñado na primeira quincena de setembro. As familias deben recibir dúas copias, unha para a familia e outra devolta asinada para que custodie o profesorado responsable. Esta última copia, asinada polas familias e custodiada polo docente responsable, debe ser escaneada e remitida en pdf á Xefatura de Estudos.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

De acordo coa ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

No IES A Basella adoptamos o modelo proporcionado pola Inspección Educativa de Pontevedra porque reflicte con claridade os apartados que deben ser contemplados para desenvolver unha correcta resposta educativa a esta necesidade:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle

os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informárase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan será elaborado polo equipo docente de cada alumno tras a avaliación inicial. Nos quince días posteriores o plan será enviado en pdf á Xefatura de Estudos para a súa remisión á Inspección educativa.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.

Para promocionar na ESO:

Con 0 suspensas: Promoción ao seguinte curso.

Con 1 suspensa: Promoción ao seguinte curso con esa materia pendente.

Con 2 suspensas: Promoción ao seguinte curso con esas dúas materias pendentes.

Con máis de 2 suspensas. O equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

Considérase que un ou unha alumno/a non pode ter unha promoción condicionada cando a avaliación negativa supere o 35% do total das materias troncais e de libre configuración autonómica debido a que as carencias implícitas impiden garantir os coñecementos e as competencias que permitan adquirir unha formación sólida e continuar co aproveitamento nas etapas posteriores en aquelas materias que deben ser comúns para todo o alumnado.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

Considérase que un ou unha alumno/a non pode ter unha promoción condicionada cando a avaliación negativa supere o 40% do total das materias debido a que as carencias implícitas impiden continuar con éxito a súa formación académica.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

No caso de non ter posibilidade de repetir: Promoción Obrigatoria con todas as materias suspensas como materias pendentes.

Para obter o título de ESO requírese:

Ter avaliación positiva en todas as materias.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Considérase que un alumno non pode titular cando a avaliación negativa supere o 20% das materias debido a que as carencias implícitas impiden a adquisición das competencias establecidas e a consecución dos obxectivos da etapa.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO.

Para Promocionar no Bacharelato:

Con 0 suspensas: Promoción a 2º.

Con 1 ou 2 suspensas: Promoción a 2º con materias pendentes de 1º.

Con 3 ou máis suspensas: Non promociona.

Para obter o título de Bacharelato requírase:

Ter avaliación positiva en tódalas materias.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considérase inasistencia continuada cando un alumno falte ao 10% ou máis das sesións anuais dunha materia e non teña ningunha das causas consideradas como xustificables no Protocolo educativo para o control e a prevención do absentismo escolar.

Cando exista a sospeita de que isto poida suceder, porque alcanzou o 6% das faltas nunha materia sen xustificar, o profesor e/ou titor comunicará isto en Xefatura de Estudos, que remitirá unha carta ao alumno/a ou aos seus representantes legais informando da situación e das consecuencias negativas que pode ter para a súa titulación.

Se o alumnado alcanzase o 10% das faltas anuais na materia inxustificadas, notificaráselle por correo a perda do dereito de titulación cunha materia suspensa.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

- Matrículas de Honra na ESO

O/A alumno/a debe ter unha nota media mínima de 9.

En caso de empate, os criterios a seguir serán os seguintes:

- Maior media en 4º da ESO, considerando ata a centésima.
- Maior media en toda a ESO, considerando ata a centésima.
- Maior número de deces.
- Maior número de noves.

- Matrículas de Honra no Bacharelato

O/A alumno/a debe ter unha nota media mínima de 9.

En caso de empate, os criterios a seguir serán os seguintes:

- Maior media en 2º BAC, considerando ata a centésima.
- Maior media en todo BAC, considerando ata a centésima.
- Maior número de deces.
- Maior número de noves.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas da ESO e do Bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias seguindo as decisións e criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

Como indica a norma, as programacións dos cursos impares o curso 22/23 e as de todos os cursos a partir do 23/24 serán elaboradas na aplicación corporativa PROENS, onde se recollen todos os elementos que debe conter cada programación. Unha vez rematadas serán publicadas na páxina web do centro de forma íntegra para que toda a

comunidade educativa teña acceso a elas.

Ademais, unha vez feitas públicas, enviarase unha mensaxe por ABALAR aos pais/nais/titores legais para informar de que xa están disponibles na web do centro.

Ademais, todo o profesorado presentará ao inicio de curso ao alumnado os criterios de calificación da súa materia e recollerá por escrito nun documento interno do centro a data de presentación coa sinatura do delegado/a para que quede constancia da súa explicación na aula.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

No artigo 17 do decreto 156 sobre principios metodolóxicos establécese que co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Ademais, no artigo 14 de dito decreto sobre a autonomía dos centros, dase que no exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de materias ou ámbitos, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin comporte a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de exixencias para as administracións educativas.

Por todo isto, o IES A Basella promoverá a participación do centro nos distintos plans e programas que ofrece a Consellería, implicando ao maior número de profesorado, facilitando o uso das instalacións e reorganizando de ser o caso a xornada lectiva para dar cumprimento as actividades deseñadas de xeito puntual.

No claustro e consello escolar de comezo de curso, presentaranse os diferentes proxectos, plans e programas nos que poderá participar o centro e, en caso afirmativo, a participación nos mesmos estará recollida na PXA.

Para participar en proxectos ou plans que afecten ao funcionamento do centro, requirirase a aprobación do claustro e consello escolar (50% + 1).

A participación do centro en programas como CP-Innova, CP-Inclúe, Plan Proxecta...suporá a solicitude de participación por parte do profesorado do centro e envío de documentación a través da aplicación de xestión, previo aviso á dirección do mesmo.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano de coordinación docente á cargo da revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

Posteriormente, a concreción curricular debe ser aprobada polo claustro de profesorado.

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente, polo que deberá ser revisada, polo menos, cada catro anos.

No caso de que un profesor ou departamento queira modificala antes do prazo establecido deberá:

- a) presentar unha solicitude á dirección do centro cos puntos que desexa que sexan revisados
- b) a dirección incluírá esta proposta para a votación na seguinte CCP
- c) Se a proposta acada os tres cuartos do total dos membros da CCP poñeranse os puntos solicitados en revisión.

O procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular suporá:

- Información a través da páxina web do centro no apartado correspondente.
- Información ás familias a través da aplicación abalar.

A Dirección, ao final de cada curso, preguntará ao profesorado na súa enquisa de avaliación se foi quen de consultar a concreción curricular e se hai propostas de mellora.

o) Outros apartados